



Asociación teatral "o aturuxo de Melpómene" 636 712 905, 981 44 00 14 e 609 906 349

CICLO “OS DOMINGOS DE MELPÓMENE” 2010

ORGANIZACIÓN

O Ciclo de teatro “Os domingos de Melpómene” foi solicitado pola A.T. “O aturuxo de Melpómene” dentro do programa de Ciclos de teatro aficionado que organiza a Xunta de Galicia, en colaboración con FEGATEA (Federación Galega de Teatro Aficionado).

Sendo Narón un espazo de tradición en eventos teatrais, consideramos importante ofrecer espectáculos de teatro aficionado que previamente garanten calidade suficiente para atraer ó público. Así, este ano representaránse dous dos espectáculos que máis puntuación acadaron no festival de Agustín Magán (organizado por FEGATEA), en decembro do 2009. Xunto a eles, unha obra dos alumnos de 3º da Escola de teatro de Narón e a estrea do noso 5º espectáculo, cuxo elenco está formado por antigos alumnos da escola de teatro de Narón. Estas dúas últimas están dirixidas por profesionais de recoñecido prestíxio.

A realización do Ciclo non sería posible sin a colaboración do Padroado da Cultura do Concello de Narón, que cede para o seu desenvolvemento o Auditorio Municipal, xunto co personal técnico necesario.

Desenvolverase nos meses de setembro e outubro (Ver programación).

DATOS XERAIS

LUGAR REPRESENTACIÓN

Auditorio Municipal de Narón (Pza. Galicia)

HORARIO ESPECTÁCULOS

19h.

PROGRAMACIÓN

12.09.10: GRUPO CARFAX TEATRO (Culleredo), coa obra “TRANSILVANIA”

19.09.10: TEN (Grupo Escola Teatro de Narón), coa obra “A PORTA DAS MENTIRAS”

26.09.10: GRUPO ESCOITADE (Valadares-Vigo), coa obra “LONGA VIDA A MARTIÑO DE GÜIMIL”

03.10.10: GRUPO O TRASNO NOVO TEATRO (S. Andrés de Comesaña-Vigo), coa obra “CONVERSAS NA CUNETA MENTRES A VIDA PASA ALÁ FÓRA”

10.10.10: A.T. O ATURUXO DE MELPÓMENE (Narón), coa obra “O MÉTODO”



Asociación teatral "o aturuxo de Melpómene" 636 712 905, 981 44 00 14 e 609 906 349

Observacións:

- Entrada de balde
- Entregarase a cada espectador un pequeno obsequio conmemorativo do Ciclo
- Premiarase a fidelidade dos asistentes có sorteo de dúas entradas para un espectáculo a elixir polo gañador, no Pazo da Cultura, na temporada 2010/2011.



Asociación teatral "o aturuxo de Melpómene" 636 712 905, 981 44 00 14 e 609 906 349

DATOS DOS ESPECTÁCULOS

“TRANSILVANIA” (12.09.2010)

Representada polo grupo “Carfax teatro”, de Culleredo. Para público a partires dos 12 anos. Inspirada na primeira parte de “Drácula”, de Bram Stoker, achéganos plásticamente ó mundo do vampiro dende unha óptica de teatralidade.

Dirixida por Manuel Lourenzo.

Sinopse: O luar. No antigo cemiterio a terra móvese. As estelas que encabezan as tumbas comezan a oscilar. Son as horas nas que os mortos rexurden, revestidos das galas inquedantes do vampiro. Aquí a razón e a senrazón teñen agocho, aquin non é unha cousa a morte e outra a vida.

En Transilvania a eternidade manda: o vello soño de ser eu e ser aque, persoa e máscara, figura do alén, verdade e representación, vida a teatro.

Duración: 60 minutos

“A PORTA DAS MENTIRAS”(19.09.2010)

Obra para público infantil (6 a 12 anos), representada por o grupo de teatro da Escola Municipal de Narón.

Escrita por Paula Carballeira e dirixida por Inma Antonio Souto.

Sinopse: Aparece Lúa por un lateral do escenario. Lúa é unha nena de oito ou nove anos. Leva unha gaiola entre as mans cun paxaro dentro. Lúa camiña nas puntiñas dos pés como para non facer ruido e vaise pedindo silencio ó paxaro. Así comeza “a porta das mentiras” e así saberemos a historia do que lle aconteceu á nena que un día abriu a famosa Porta e más ás outras personaxes que viven canda ela.

Duración: 60 min.

“LONGA VIDA A MARTIÑO DE GÜIMIL”(26.09.2010)

Representada polo grupo de teatro “Escoitade”. Para todos os públicos (non infantil).

Escrita e dirixida polo propio grupo.

Sinopse: Martiño de Guimil, home xubilado adiantado do naval que sufre un cancro en estado avanzado e que acaba de solicitar a alta vontaria no hospital, recibe unha comunicación importante da Administración. Dese xeito comeza a obra que nos amosará as relación de este home cos membros da súa familia, un médico e un amigo e o transcorrer dos seus días ollando pola fiestra, dende a súa cadeira de rodas, o paso dos trens.

Duración: 75 min.



Asociación teatral "o aturuxo de Melpómene" 636 712 905, 981 44 00 14 e 609 906 349

"CONVERSAS NA CUNETA MENTRES A VIDA PASA ALÁ FÓRA"(03.10.2010)

Posta en escena polo grupo "O Trasno Novo Teatro".

Escrita e dirixida polo propio grupo. Para maiores de 12 anos. É unha homenaxe ás mulleres asesinadas na postguerra, á vez que poñen en escea temas que seguen sendo de actualidade: subxectividade da información, hipocresía da sociedade, relación de parella, terrorismo...

Sinopse: É a historia do encontro de tres mulleres do mesmo pobo, pero de distinta condición social, unidas na fuxida e distanciadas no comportamento ante a vida e o momento histórico que lles toca vivir.

Duración: 75 min.

"O MÉTODO"(10.10.2010)

Representada pola Asociación teatral "O aturuxo de Melpómene". Para maiores de 12 anos. Está baseada na obra de Jordi Galcerán, "el método Gronholm", con adaptación e traducción ó galego do grupo "O aturuxo de Melpómene".

Dirixida por Jose L. Prieto.

Sinopse: Tres homes e unha muller han superar unha serie de probas para poder acceder a un posto de traballo nunha gran empresa, saben do que só un deles conseguirá entrar.

Duración: 80 min.